

C a c h e n a

1

A raza bovina cachena agrupa animais de pequeno tamaño, de perfil recto a subcóncavo, de marcada elipometría, no seu conxunto moi harmónicos e recortados. É unha raza elipométrica, cóncava, brevilinea.

O peso medio é de 350 kg para as femias e de 550 kg para os machos.

A capa e castaña clara, abelá, máis escura na rexión do pescozo. Testa con guedella pouco poboada, pavillóns auriculares poboados de pelo (pendentes). Nos machos a capa é máis escura. Mucosas nasais e xenitais negras, escroto de cor clara con mancha escura na súa parte distal (cúpula).

Alzada. Os rangos de alzada á cruz, á metade do dorso e á cruz dos cadrís son entre 90 e 120 cm, 90 e 115 cm e 100 e 125 cm respectivamente para as femias e entre 100 e 130 cm, 90 e 125 cm e 105 e 135 cm respectivamente para os machos.



Cualificación morfolóxica.

A cualificación morfolóxica dos exemplares será efectuada por técnicos validados con tal fin pola Comisión Rectora do Libro Xenealóxico.

A cualificación morfolóxica realizarase mediante apreciación visual e polo método dos puntos; o seu detalle servirá para xulgar comparativamente o valor dun exemplar determinado.

Os caracteres que se tomarán en consideración son os que a continuación se relacionan, con expresión para cada un deles do coeficiente de ponderación. Os puntos que se asignen a cada un dos ditos aspectos multiplicaranse polo coeficiente correspondente, resultando así a puntuación definitiva.

Caracteres que se cualificarán	Coefficiente
Aspecto xeral (desenvolvemento, proporción e peso)	2.00
Pel e pelo (pigmentación)	1.50
Cabeza	2.00
Tórax e pescozo	0.50
Costas	0.50
Dorso e lombo	1.00
Cruz dos cadrís	1.00
Ventre e xenitais	0.50
Extremidades e marcha	1.00
TOTAL	10.00

Obtida deste modo a puntuación final, os exemplares quedarán clasificados segundo as seguintes denominacións:

Clasificación	Puntos
Excelente	≥ 90
Moi bo	≥ 85 e < 90
Máis que bo	≥ 80 e < 85
Bo	≥ 75 e < 80
Aceptable	≥ 70 e < 75
Suficiente	≥ 65 e < 70

Os animais con puntuación inferior a 65 puntos estímense rexeitados.



CORNOS en lira alta, de grandes proporcións e sección circular; pas de cor ambar e punta negra.

A guedella da **TESTA** é pouco abundante.

A **CABEZA** é pequena con **FRONTE** lixeiramente deprimida e curta de cara.

Os **OLLOS** son oblicuos, separados e con mirada moi viva.

Os **BEIZOS** son grosos e o **FUCIÑO** enrugado e rodeado duna aureola branca.

A **MANDÍBULA** é poderosa.

Posúe unha gran **BADANA**.

As **EXTREMIDADES** son proporcionadas e ben dirixidas, con oso fino e articulacións rectas.

Os **CASCOS** son pequenos, negros e duros.

O **PESCOZO** é curto, harmónico e con **XUGUEIRA** desenvolta nos machos.

O **TRONCO** é redondeado e robusto. A **CRUZ** é prominente e a liña dorso-lumbar é sensiblemente recta. As **ILLARGAS** son estensas.

A **CRUZ DOS CADRÍS** lixeiramente derrubada.

O **RABO** é de nacemento un pouco adiantado, longo e con borla escura.

As **COXAS DOS CADRÍS** son pouco desenvoltas.

O **PEITO** é largo, de gran capacidade torácica. O **TÓRAX** é profundo e os costelares ben arqueados.

O **VENTRE** é voluminoso.

